

N. Expediente	601/2024
F. Apertura	23 de agosto de 2024
Código de clasificación	2.03.02
Asunto	CONVOCATORIA DE PERSOAL - CONVOCATORIA DA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE PEÓN-OPERARIO

ACTA DA DA FASE DE VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS PARA O POSTO DE PEÓN OPERARIO.

Na Casa do Concello de Moeche, sendo as 09:00 horas do día 6 de marzo de 2026, reúnen os membros do tribunal para a valoración da fase de concurso de méritos.

Asisten:

Presidenta: María Raquel Novo Montes

Vogal: Jairo Orjales Sande

Vogal: Roberto Sanjurjo Muíño

Vogal: Daniel Feijoo Ferreiro.

Secretaria: Cristina Sueiras Rodríguez

De acordo coas bases na fase de concurso asignarase ata un máximo de 40 puntos. A puntuación virá determinada pola acreditación dos seguintes méritos:

Experiencia profesional (máximo 30 puntos)

Neste apartado valorarase a experiencia profesional previa no desempeño de postos de traballo de igual categoría á que se opta, na forma seguinte:

· Por servizos prestados na administración local, en posto de igual ou similar natureza e funcións. Máximo 30 puntos:

- Puntuación: 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados. Os servizos a tempo parcial serán valorados proporcionalmente.

· Por servizos prestados noutras Administracións: en posto de igual ou de similar natureza e funcións. Máximo 25 puntos:

- Puntuación: 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados. Os servizos o tempo parcial serán valorados proporcionalmente.

· Por servizos en entidades sociais ou empresa privada, en posto de igual ou similar natureza e funcións. Máximo 10 puntos:

- Puntuación: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados. Os servizos o tempo parcial serán valorados proporcionalmente.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración que incluíra as funcións realizadas detalladamente acompañada do informe da vida laboral. A documentación debe contar con elementos suficientes para a avaliación axeitada (categoría profesional, denominación do posto, funcións desenvolvidas e tempo desenvolvido).



Para acreditar a experiencia en empresa privada deberase presentar informe de vida laboral, contratos de traballo nos que consten os datos necesarios para poder avaliar a experiencia segundo o dito nestas bases e calquera outro documento con valor probatorio e suficiente destas circunstancias.

Cursos de formación recibidos e acreditados (máximo 8 puntos)

Pola realización de cursos de formación ou perfeccionamento, realizados en entidades oficiais ou homologadas polas Administracións Públicas, relacionados directamente coas funcións do posto de traballo, por cada un deles:

- De duración ata 19 horas: 0,20 puntos.
- De duración de 20 a 50 horas: 0,40 puntos.
- De duración de 51 a 80 horas: 0,80 puntos.
- De duración de 81 a 100 horas: 1,60 puntos.
- De duración de 101 horas en adiante: 2 puntos.

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non se indican as horas de duración, non se outorgará puntuación.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar e valorando o curso de maior duración. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez.

Non se valorarán os cursos de prevención de riscos laborais.

Outras acreditacións (máximo 2 puntos)

- Por estar en posesión do certificado de formación e manipulación de alimentos.- 1 punto.
- Por estar en posesión do carné de “manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios”.- 1 punto.

O Tribunal acorda ter en conta para a valoración da experiencia profesional os servizos prestados en postos de igual ou similar natureza e funcións.

Os resultados da fase de concurso son os seguintes:

Candidato/a	Experiencia Profesional (máximo 30 puntos)	Cursos de formación(máximo 8 puntos)	Outras acreditacións(máximo 2 puntos)	TOTAL
JOSÉ FORMOSO CALVO	30 puntos	1,6 puntos	2 puntos	33,60
ANTONIO VILABOY RIVERA	8,25 puntos	0,40 puntos	2 puntos	10,65



Concluídas as probas e valoración de méritos os resultados de todas as fases son os seguintes:

Candidato/a	2º proba da fase de oposición	3º proba da fase de oposición	Valoración dos méritos	TOTAL
JOSÉ FORMOSO CALVO	13,775	28,00	33,60	75,375 puntos
ANTONIO VILABOY RIVERA	14,575	30,60	10,65	55,825 puntos

Os aspirantes disporán dun prazo de **3 días hábiles**, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes.

Ás 14:00 horas, dase por finalizada a sesión, asinando os asistentes a presente acta en proba de conformidade.

Os membros do tribunal

A presidenta A secretaria Os vogais

